Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Calendario

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Máscaras de Entroido: Aparicio

Farileiro. Felo. Máscara de Entroido con axóuxeres colgados da cintura; para pegarlle á xente leva un varal cun saqueto pendurado da punta cheo de cinsa, salvado ou virutas. Cando acompaña aos grupos que cantan pedindo o aguinaldo é a encargado de chamar ás portas e de tornar os nenos. Non fala pero amosa ledicia cando a xente da casa dá aguinaldo. Cando dous grupos de enmascarados se cruzan no camiño, Aparicio é o encargado de saudar facendo a venia. É inviolable e crese que se alguén o destapa pode incluso chegar a matar a quen o faga sen que pene por iso na outra vida. Os nenos, por facerlle rabear, cántanlle: -Farileiro, cachafeiro, come tripas de carneiro, mal cocidas, mal lavadas, que lle corren polas barbas.

BIBLIOGRAFÍA

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filología, anejo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.